



ADDENDA DE MODIFICACIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE (ACIS) E A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA {FIDIS), PARA DAR COBERTURA ÁS ACTUACIÓNS DE XESTIÓN PREVISTAS NO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN "*Diagnosis and Management of Febrile Illness using RNA Personalised Molecular Signature Diagnosis*" (DIAMONDS).

En Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2026

REUNIDOS

Dunha parte, D. Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade, nomeado por Decreto 44/2024, do 14 de abril, en representación da Consellería de Sanidade, do Servizo Galego de Saúde e da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), actuando no exercido das competencias atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e nos Decretos 144/2025 e 145/2025, do 20 de maio, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; e o Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) e se aproban os seus estatutos; así como no establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

E doutra parte, D. Ángel Facio Villanueva, en calidade de Presidente do Padroado da Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, en virtude do seu cargo como xerente da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, segundo se establece no artigo 16.3 dos Estatutos fundacionais, e en virtude da reunión na que tivo lugar a aceptación expresa da presidencia do Padroado en data 17 de xuño de 2024, inscrita na folla nº 3 do Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Consellería de Sanidade, segundo publicación no Diario Oficial de Galicia do 30 de maio de 2001.

Ambas partes, actuando no exercido das súas respectivas competencias e con plena capacidade xurídica para subscribir a presente Addenda,

MANIFESTAN

1.- Que con data 01 de decembro de 2025 as partes subscribiron o convenio indicado no encabezamento, que ten por obxecto articular a colaboración entre as mesmas para a execución das actuacións previstas no proxecto DIAMONDS, garantindo de maneira expresa a continuidade do persoal investigador asistencial (especialistas en Pediatría do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela) e a cobertura das intensificacións necesarias para manter os niveis asistenciais adecuados no centro de referencia.

2.- Para tal efecto, na cláusula segunda do convenio (**descrición das actuacións**) establécese que FIDIS dotará con fondos do proxecto DIAMONDS a cobertura desde o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de un máximo de tres (3) especialistas en Pediatría para a realización de labores de investigación relacionadas co Proxecto DIAMONDS. Así mesmo, na cláusula terceira do convenio (**achegas económicas**) establécese que a achega económica de FIDIS ascende a 53.269,63€ anuais por cada facultativo/a especialista en Pediatría con perfil investigador, correspondente ao custo real (salario bruto máis cotizacións sociais).

Dita circunstancia require da oportuna modificación co obxecto de reflectir o custo real do gasto, e á súa periodificación anual.

Por tal motivo, as partes acordan a subscrición da presente Addenda de modificación, segundo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Modificación da cláusula terceira do convenio suscrito o 01 de decembro de 2025.

Modifícase a cláusula terceira do convenio suscrito con data 01 de decembro de 2025, quedando redactada como segue:

"Os fondos do proxecto DIAMONDS serán achegados no primeiro mes da anualidade desde FIDIS á conta que designe o Servizo Galego de Saúde. A achega económica anual de FIDIS ascende a 55.634,81€ (correspondente ao salario bruto) máis 19.822,59€ (correspondente á cota patronal), **por cada facultativo/a** especialista en Pediatría con perfil investigador".

Esta achega poderá ser incrementada no caso de que as táboas salariais sexan modificadas para as anualidades previstas para a duración do convenio.

Este convenio non supón gasto para a Consellería de Sanidade nin para o Servizo Galego de Saúde. As partes facilitarán as tarefas de xustificación dos fondos que serán coordinadas pola FIDIS".

SEGUNDA.- O resto das cláusulas do convenio asinado o 01 de decembro de 2025 mantéñense inalteradas. E en proba de conformidade, as partes asinan electronicamente a presente addenda de modificación, na data indicada na última sinatura electrónica.

Polo Servizo Galego de Saúde e ACIS

Ángel Facio Villanueva

Antonio Gómez Caamaño

Pola FIDIS